



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias xullo 2018

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia neste mes de xullo do ano 2018 acadou a cifra de 1.021.546 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de xuño de 2018 de 15.047 afiliacións (un 1,49%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.042.810, rexistrando un incremento do 0,19% con respecto ao pasado mes de xuño.

Na comparativa interanual (xullo de 2018 con xullo de 2017) obsérvase un comportamento similar, é dicir, un incremento de 24.948 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 2,50%), e un incremento do 2,99% (553.481 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xuño deste ano 2018, rexístranse descensos en La Rioja (-1,03%), Andalucía (-0,63%), Canarias (-0,55%), País Vasco (-0,46%), Madrid (-0,42%), Murcia (-0,40%) e Navarra (-0,39%), presentando crecemento no número de afiliacións medias todas as demais entre as que destacan: Cantabria (2,89%), Illes Balears (1,98%) e Galicia (1,49%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos atopámoslos en: Madrid, Canarias, Comunitat Valenciana, Navarra, Castilla La Mancha e Illes Balears (todas elas con taxas superiores ao 3%). A taxa de variación relativa interanual do conxunto do estado presenta así un valor positivo do 2,99%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

| CCAA | AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2018 | VARIACIÓN | | | |
|----------------------|--------------------------------|---------------|-------------|----------------|-------------|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| España | 19.042.810 | 35.820 | 0,19 | 553.481 | 2,99 |
| Galicia | 1.021.546 | 15.047 | 1,49 | 24.948 | 2,50 |
| Andalucía | 3.044.343 | -19.367 | -0,63 | 85.156 | 2,88 |
| Aragón | 578.726 | 2.806 | 0,49 | 16.093 | 2,86 |
| Asturias | 368.109 | 4.074 | 1,12 | 2.546 | 0,70 |
| Illes Balears | 579.962 | 11.273 | 1,98 | 17.539 | 3,12 |
| Canarias | 786.918 | -4.375 | -0,55 | 28.981 | 3,82 |
| Cantabria | 222.949 | 6.261 | 2,89 | 5.957 | 2,75 |
| Castilla La Mancha | 702.314 | 8.042 | 1,16 | 23.022 | 3,39 |
| Castilla y León | 927.232 | 10.671 | 1,16 | 17.918 | 1,97 |
| Cataluña | 3.441.292 | 14.816 | 0,43 | 87.511 | 2,61 |
| Comunitat Valenciana | 1.867.284 | 6.857 | 0,37 | 67.563 | 3,75 |
| Extremadura | 398.547 | 3.000 | 0,76 | 7.672 | 1,96 |
| Madrid | 3.120.191 | -13.195 | -0,42 | 120.357 | 4,01 |
| Murcia | 581.520 | -2.341 | -0,40 | 15.515 | 2,74 |
| Navarra | 280.975 | -1.090 | -0,39 | 9.366 | 3,45 |
| País Vasco | 949.435 | -4.348 | -0,46 | 18.417 | 1,98 |
| La Rioja | 127.608 | -1.324 | -1,03 | 3.350 | 2,70 |
| Ceuta e Melilla | 44.057 | -787 | -1,75 | 1.767 | 4,18 |

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 3,58%, o que supón 12.403 afiliacións máis, seguida de Ourense (2,10%) e A Coruña (2,00%). A provincia con menor incremento relativo é Lugo, onde se rexistraron 1.883 afiliacións máis que en xullo de 2017, un incremento relativo do 1,54%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xullo con respecto ás do mes de xuño de 2018, rexistrouse un incremento en Galicia do 1,49%. Todas as provincias amosan un dato positivo, presentando os maiores incrementos Pontevedra (1,90%) con 6.689 afiliados máis e Lugo (1,65%) con 2.014 afiliacións máis que en xuño de 2018.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

| PROVINCIA | AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2018 | VARIACIÓNS | | | |
|----------------|-----------------------------|---------------|-------------|----------------|-------------|
| | | MES ANTERIOR | | INTERANUAL | |
| | | ABSOLUTA | RELATIVA | ABSOLUTA | RELATIVA |
| A CORUÑA | 433.705 | 4.967 | 1,16 | 8.512 | 2,00 |
| LUGO | 124.422 | 2.014 | 1,65 | 1.883 | 1,54 |
| OURENSE | 104.404 | 1.377 | 1,34 | 2.150 | 2,10 |
| PONTEVEDRA | 359.015 | 6.689 | 1,90 | 12.403 | 3,58 |
| GALICIA | 1.021.546 | 15.047 | 1,49 | 24.948 | 2,50 |
| ESPAÑA | 19.042.810 | 35.820 | 0,19 | 553.481 | 2,99 |


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,9% das afiliacións galegas en xullo de 2018, incrementáronse un 1,89% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 3,45%. En España estas taxas foron do 0,26% con respecto a xuño de 2018 e do 3,40% en relación ao mes de xullo de 2017. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,5%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas, agás Pontevedra (0,16%), amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,56%. Para este réxime e con respecto ao mes de xuño de 2018, estas taxas son igualmente negativas en todas as provincias, agás en Pontevedra (0,28%). Temos así unha taxa do -0,01% para o conxunto de Galicia. As taxas nacionais para este réxime presentan unha variación negativa nos datos con respecto a xuño de 2018 (-0,20%) e unha variación interanual positiva con respecto a xullo de 2017 (1,15%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a xullo de 2017 son moi negativas en Lugo (-2,39%), sendo a taxa galega do -0,26%, inferior ao dato de España (0,90%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a xuño de 2018) temos comportamentos positivos e a taxa galega amosa así un aumento do 2,44% con respecto a xuño de 2018. A taxa nacional é do 3,31%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

| RÉXIME E PROVINCIA | AFILIACIÓN XULLO 2018 | VARIACIÓNS RELATIVAS | |
|------------------------------|--------------------------|----------------------|------------|
| | | MES ANTERIOR | INTERANUAL |
| TOTAL SISTEMA | | | |
| A CORUÑA | 433.705 | 1,16 | 2,00 |
| LUGO | 124.422 | 1,65 | 1,54 |
| OURENSE | 104.404 | 1,34 | 2,10 |
| PONTEVEDRA | 359.015 | 1,90 | 3,58 |
| GALICIA | 1.021.546 | 1,49 | 2,50 |
| ESPAÑA | 19.042.810 | 0,19 | 2,99 |
| R. XERAL | | | |
| A CORUÑA | 341.399 | 1,49 | 2,71 |
| LUGO | 87.726 | 2,32 | 2,78 |
| OURENSE | 79.473 | 1,81 | 3,29 |
| PONTEVEDRA | 277.192 | 2,27 | 4,64 |
| GALICIA | 785.790 | 1,89 | 3,45 |
| ESPAÑA | 15.704.129 | 0,26 | 3,40 |
| R. ESPECIAL AUTÓNOMOS | | | |
| A CORUÑA | 86.492 | -0,13 | -0,55 |
| LUGO | 35.100 | -0,19 | -1,27 |
| OURENSE | 24.931 | -0,16 | -1,52 |
| PONTEVEDRA | 67.726 | 0,28 | 0,16 |
| GALICIA | 214.249 | -0,01 | -0,56 |
| ESPAÑA | 3.267.169 | -0,20 | 1,15 |
| R. ESPECIAL DO MAR | | | |
| A CORUÑA | 5.814 | 1,15 | -0,53 |
| LUGO | 1.596 | 5,84 | -2,39 |
| OURENSE | 0 | -- | -- |
| PONTEVEDRA | 14.097 | 2,61 | 0,10 |
| GALICIA | 21.507 | 2,44 | -0,26 |
| ESPAÑA | 69.303 | 3,31 | 0,90 |

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>